

Verea[CELANOVA](#) [A BOLA](#) [CARTELLE](#) [GOMESENDE](#) [A MERCA](#) [PADRENDA](#) [PONTEDEVA](#) [QUINTELA DE LEIRADO](#) [RAMIRÁS](#) [VEREA](#)

CAMIÑO DE SANTIAGO

Verea exalta a figura de Elías Valiña no Camiño de San Rosendo

O alcalde do concello, José Antonio Valado, falou na presentación do espazo dedicado a esta figura da importancia que hoxe ten o Camiño

[Carlos L. Montero](#)

Publicado: 07 dic 2025 - 03:30 — Actualizado: 07 dic 2025 - 12:23



Exposición de Elías Valiña en Verea.

Elías Valiña (1929 - 1989), o crego do Cebreiro que creou as **frechas amarelas que sinalan o Camiño** e un dos responsables do rexurdimento das peregrinacións a Santiago, **conta dende onte cun espazo dedicado á súa figura no Concello de Verea**, en pleno Camiño de San Rosendo.

O alcalde, José Antonio Valado, falou na presentación da **importancia que hoxe ten o Camiño**, e como Verea, xunto cos demais concellos implicados no Camiño de San Rosendo, seguirán loitando para que este sexa recoñecido. Nese senso, sobre Valiña afirmou que “ademais de ser un crego, era consciente que **se non revitalizaba o Camiño, O Cebreiro sería un deserto** como son hoxe tantas aldeas, lugares que se reviviron grazas ao Camiño”.

A xornada incluíu a estrea da **curta documental “Elías Valiña, o inventor das frechas amarelas”**, dirixida polo cineasta Aser Álvarez, quen afirmou que “a capacidade que ten o Camiño para mobilizar xente é inmensa, sempre que se faga de forma sustentable. O propio Valiña tería sido moi crítico con que se primase a cantidade de visitantes fronte á calidade, como acontece agora”.

Visita guiada

Por último, os asistentes disfrutaron dunha visita guiada á exposición **“Os camiños de Elías Valiña”**, realizada a partir das diapositivas da cámara do párroco do Cebreiro, e que se poderá visitar no Concello ata o Nadal.